

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA SOBRE A CONVOCATORIA, TRAMITACIÓN E CONCESIÓN DO
PREMIO XOHANA TORRES

En Santiago de Compostela, o 12 de xuño dous mil sete

REUNIDOS:

Dunha parte o Alcalde de Santiago, don Xosé Antonio Sánchez Bugallo, que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle son recoñecidas polo artigo 21 da Lei 7/85., do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Da outra don Senén Barro Ameneiro, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa no seu nome e representación en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001 de universidades.

Ambas as dúas partes no nome e representación que exercen e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

Primeiro

O Concello de Santiago de Compostela vén promovendo, consonte coa lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á prestación de servizos sociais de promoción e reinserción social e ven realizando actividades complementarias propias doutras administracións públicas e, en particular, as relativas á educación, a cultura, a promoción da muller, a vivenda, sanidade e a protección do medio ambiente de conformidade con esta mesma norma e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais o Concello de Santiago vén promovendo as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo sexa real e efectiva, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente o Concello de Santiago de Compostela instituíu e vén desenvolvendo desde o ano 1993, por iniciativa da Concellaría da Muller, o Premio Xohana Torres co obxecto de contribuír ao coñecemento sobre as mulleres que tiveron unha marcada incidencia na vida da nosa Comunidade, tanto no momento actual como no pasado.

Este premio encádrase entre as medidas desenvolvidas pola Concellaría da Muller para a consecución dos seus obxectivos básicos, entre os que se

atopan: potenciar a figura da muller; deseñar, promover e poñer en marcha unha política para as mulleres que pugne polo seu desenvolvemento integral, pola equidade de xénero e por un cambio cultural que valore a súa achega ao desenvolvemento; impulsar o respecto, o desenvolvemento e a difusión dos dereitos das mulleres; concertar e xestionar recursos para o deseño e a implementación dos diferentes programas e proxectos coas entidades sectoriais e os organismos multilaterais.

Segundo

A Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade de dereito público e iniciativa social que ten un papel moi relevante como difusora da cultura e do saber e da que destaca a axuda que vén desenvolvendo á hora de resaltar o papel da muller na nosa sociedade en todos os sectores sociais, contribuíndo activamente desde o sector académico a que aflorase a pegada das mulleres na historia da humanidade e en todas as áreas do saber, dun xeito activo desde os seus inicios na difusión da cultura.

Terceiro

O Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, en consonancia coa filosofía de impulso cultural, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo de maneira continuada entre ambas as dúas entidades, na convocatoria e outorgamento do Premio Xohana Torres.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, as partes comparecentes acordan subscribir un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para a convocatoria e concesión do Premio Xohana Torres.

Este premio rexerá polas bases consensuadas por ambas as partes que figuran no anexo I deste convenio, as cales faranse públicas anualmente no momento de abrir a convocatoria pública.

SEGUNDA. Contido

A Universidade de Santiago de Compostela, por medio deste convenio, obrígase a:

- 1.- Á valoración técnico-científica de todos os traballos presentados.
- 2.- Á publicación por parte do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela da obra premiada, cun mínimo de 300 exemplares por edición, e á súa difusión no ámbito universitario.
- 3.- A formar parte do xurado encargado de avaliar as obras presentadas na convocatoria por medio de:
 - ✍ O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela ou persoa en quen delegue.
 - ✍ Tres profesores e/ou profesoras desta, no campo da investigación.

4.- A levar a cabo unha campaña de publicidade e difusión da convocatoria do premio dentro da propia Universidade de Santiago de Compostela.

Pola súa parte, o **Concello de Santiago de Compostela**:

1.- Comprométese a levar a cabo a convocatoria pública do Premio e organizar todos os aspectos tocantes a ela.

2.- Á recepción e rexistro de todos os traballos presentados, e á comprobación do cumprimento dos requisitos que se recollen nas bases da convocatoria.

3.- A sufragar o contido económico do premio que cada ano recollan as bases da convocatoria anual.

4.- A dar publicidade á resolución do premio.

5.- A organizar e sufragar os gastos do acto de entrega de premios.

6.- A formar parte do xurado encargado de avaliar as obras presentadas na convocatoria, por medio de:

- ✍ O Alcalde Presidente do Concello de Santiago de Compostela ou concelleiro/a no que delegue.
- ✍ O secretario xeral do Concello ou persoal no que delegue, actuando como secretario do xurado.

TERCEIRA. Dereitos e obrigas compartidos entre ambas as entidades

Os dereitos de propiedade intelectual e de explotación do traballo premiado cedidos en exclusiva polo gañador ou gañadora, nos termos da lexislación vixente (R.D.L. 1/1996, do 12 de abril) tal e como se recolle nas bases da convocatoria do premio (anexo I) serán cedidos á Universidade de Santiago de Compostela e ao Concello de Santiago de Compostela, que pasarán nese momento a ser titulares deses dereitos a partes iguais.

Ambas as entidades por medio dos membros designados previamente para formar parte do xurado, encargaranse de fallar o devandito premio, respectando, en todo momento, nas xuntanzas de deliberación que se teñan ao efecto, os principios de obxectividade, transparencia e igualdade.

CUARTA. Protección de datos

As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de regulamentación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.

QUINTA. Seguimento e avaliación

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para este fin por parte das dúas institucións (persoal técnico da Concellaría da Muller e da Universidade de Santiago de Compostela). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

SEXTA. Causas de resolución

É causa de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo.

SÉTIMA. Duración do convenio

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos. Non obstante, poderase prorrogar, por acordo expreso, por igual período de tempo, consonte o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións (artigo 16).

En todo caso, calquera das partes poderá denunciálo comunicándoo por escrito á outra parte con dous meses de antelación á data en que se pretenda dar por finalizada a colaboración.

OITAVA. Carácter do convenio

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polas cláusulas establecidas nel e, no non previsto, pola Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e pola lexislación de réxime local aplicábel ao caso así como pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio poderán impugnarse na xurisdición contencioso-administrativa, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

En proba de conformidade, as dúas partes asinan este convenio por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

Polo Concello de Santiago de Compostela

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Asdo.: Xosé Antonio Sánchez Bugallo.

Asdo.: Senén Barro Ameneiro